

Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. III: *Fonética*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 517 pp.

Na última década do século xx a xeolingüística galega experimentou un prolífico avance. Boa mostra disto son os tres volumes do *ALGa* que saíron do prelo respectivamente nos anos 1990 (Vol. I: *Morfoloxía verbal*), 1995 (Vol. II: *Morfoloxía non verbal*)<sup>1</sup> e o que é motivo desta publicación, o volume III, que nos subministra unha instantánea da fonética galega.

## 1. LIMIAR

O ano 1974 foi o punto de partida do que había de ser un dos proxectos máis ambiciosos en cartografía lingüística da península: o *ALGa*.<sup>2</sup> Daquela, un grupo de novos investigadores, Manuel González González, Francisco Fernández Rei e Rosario Álvarez Blanco —dirixidos por Constantino García e Antón Santamarina— comezaron a percorrer toda Galicia co gallo de cubrir un *Cuestionario* que pretendía reflectir a nosa realidade lingüística. Este *Cuestionario* atendía os planos fonético, morfolóxico, sintáctico e léxico.

Nunha primeira fase, o *Cuestionario* abrangía preto dunhas 6 000 preguntas. Sen embargo, trala súa posta en práctica os investigadores decatáronse da imposibilidade de completar con éxito un *Cuestionario* tan amplo: o tempo e a paciencia do informante foron elementos clave para desbotar este proxecto inicial.

Nunha segunda fase, o número de preguntas que incluía o *Cuestionario* foron reducidas a 2711. Estas preguntas distribuíronse do seguinte xeito:

### I. Fonética (1-148)

— Fonética vocálica (vocais tónicas, átonas, finais, en hiatos, ditongos...)

— Fonética consonántica (seseo, gheada, consonantes iniciais, intervocálicas...)

### II. Morfoloxía (149-387)

O xénero e o número, os pronomes (xa tónicos, xa átonos), a conxugación verbal, a gradación no adxectivo...

### III. Sintaxe (388-527)

Aténdese ás construcións sintácticas máis interesantes.

### IV. Léxico (528-2711)

Distinguíronse 17 campos:

— O tempo (528-664)

— Accidentes topográficos (665-765)

#### 1. Volumes xa publicados:

Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I: *Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.

Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II: *Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.

#### 2. Pódese atopar máis información en:

García, C.; Santamarina, A.; Álvarez Blanco, R.; Fernández Rei, F. e González González, M. (1977): “O *Atlas Lingüístico Galego*”, *Verba* 4, pp. 5-17.

González González, M. (1983): “O *Atlas Lingüístico Galego*, un paso adiante nos estudos de lingüística galega”, *Grial* 81, pp. 267-286.

González González, M. (1996): “Atlas Lingüístico Galego (ALGa): xénese, desenvolvemento e actualidade”, *Bolletino dell’Atlante Linguistico Italiano*, III Serie, 20, pp. 203-223.

- Agricultura (766-1021)
- Viño, aceite, fariña, panificación, la e liño (1022-1135)
- Plantas (1136-1355)
- Insectos. Aves. Animais salvaxes (1356-1451)
- Pesca e caza (1452-1494)
- Vida pastoril (1495-1666)
- Animais domésticos (1667-1826)
- A casa. Ocupacións domésticas (1827-2064)
- O corpo humano. Movementos e accións (2065-2306)
- O vestido e o calzado (2307-2349)
- A familia. A vida humana (2350-2491)
- O mundo espiritual (2492-2524)
- Os xogos e diversións (2525-2572)
- Oficios (2573-2706)
- Pesas e medidas (2707-2711)

As preguntas do *Cuestionario* formuláronse ós preto de 200 informantes<sup>3</sup> de 167 puntos do territorio galego, ademais dalgúns puntos de Asturias, León e Zamora.<sup>4</sup>

No trazado da rede de puntos tentouse manter unha distancia media de 20 km. Con todo, tal espacio viuse reducido na zona costeira debido a que a densidade de poboación é maior, e ampliada nalgúns zonas do interior polo motivo contrario. O enorme labor de realización das enquisas nestes puntos levouse a cabo entre finais de 1974 e mediados de 1976.

## 2. O VOLUME DE FONÉTICA

Esta terceira entrega do *ALGa* foi coordinada por Manuel González González que se encargou persoalmente de dirixir tódalas fases de elaboración do atlas.

A obra preséntase nun único volume constituído por 517 páxinas.

### 2.1. *Introducción*

Comeza o volume cunha introducción xeral na que se explica a metodoloxía empregada, a procedencia dos materiais aproveitados, a relación de puntos ordenados por provincias, concellos e localidades, a ordenación e elaboración dos mapas, as lendas, os símbolos utilizados, as notas e a transcripción fonética.

a) O material tirouse de varias fontes:

- as 148 preguntas do *Cuestionario* do *ALGa* dedicadas ó estudio da fonética.<sup>5</sup>
- unhas 320 preguntas tomadas exclusivamente das partes de morfosintaxe e léxico do *Cuestionario* do *ALGa* debido a que achegaban información interesante para algún resultado da fonética. Débese ter en conta que neste volume non interesa o significado do termo senón o significante. Por exemplo, no mapa 8 (p. 33) *Resultados de latín U breve acentuado en palabra acabada en -A* recorreuse á pregunta 1776 ‘galiña nova, pola’ que ofrece distintos significantes (pita, galiña...), dos que só se aproveitou a forma *pola*, que era a que se axeitaba ó título do mapa.

3. A idade media dos enquisados é de 65 anos; destes informantes hai case 150 homes, mentres que as mulleres non chegan a 40.

4. As falas destes puntos fronteirizos comparten características co galego.

5. Destas non todas foron aproveitadas porque algunhas non proporcionaban datos dialectais significantes.

— gravacións de fala espontánea feitas nos puntos en que se realizaron as enquisas.  
 — enquisas complementarias efectuadas polos investigadores do *ALGa*.  
 — amplo abano bibliográfico composto fundamentalmente por memorias de licenciatura sobre falas.

b) Os mapas do volume son mapas elaborados; é dicir, tentouse presentar cada fenómeno fonético individualmente. Por causa disto, ás veces bótase man dunha mesma palabra para varios mapas. Por exemplo, a palabra *fígado* utilizouse para o mapa número 2 (*acento*), número 167 (*Resultados de -K- intervocálico latino seguido de A*) e número 423 (*Metátese consonántica*).

c) Lendas e símbolos tamén se ofrecen elaborados. No que atinxe á súa ordenación tivéronse en conta dous criterios segundo os mapas: ben de máis frecuente a menos frecuente, ben de menos evolucionado (arcaizante) a máis evolucionado.

En canto ós símbolos, recorreuse a distintas figuras poligonais: círculo, triángulo, cadrado, rombo, estrela e cruz. Procurouse adecuar estes símbolos ós criterios que vimos de referir (v. gr. o círculo baleiro representa normalmente as solucións máis normais do galego actual ou as máis arcaizantes).

d) O volume consta de case 1900 notas. As lendas conteñen, cando menos, unha nota de carácter xeral na que se indica a procedencia da información.

Tamén ofrecen as notas datos que facilitan a interpretación xeral do mapa ou fan explícita a resposta obtida nalgún punto en concreto.

## 2.2. Mapas

Esta parte constitúe o groso da obra. Trátase de 423 mapas ós que lles precede un mapa sen numeración onde aparecen reflectidas as localidades que constitúen a trama da rede de puntos.

A cada mapa situado á esquerda correspóndelle unha lenda á dereita. En 376 ocasións cada páxina conta con dous mapas que teñen as súas respectivas lendas na páxina seguinte. Nembargantes, rexístranse 47 casos cun só mapa por páxina e á súa beira a lenda.

A lenda conta: co número de mapa, cun título que fai referencia ó fenómeno fonético estudia- do, cun subtítulo que recolle o exemplo utilizado e o seu étimo (se é pertinente), cos símbolos, coas respostas obtidas e, finalmente, coas notas.

Verbo da ordenación dos mapas, estrutúrase da seguinte maneira:

### 1) Fonética suprasegmental

#### 2) Vocalismo

- Vocais non condicionadas polo contexto
- Vocais condicionadas polo contexto
- Ditongos
- Encontros vocálicos secundarios
- Outros fenómenos

#### 3) Consonantismo

- Resultados das semivocais
- Consoantes simples
- Grupos consonánticos
- Metátese consonántica

### 2.3. Índices

Péchase a obra con tres índices que lle facilitan enormemente ó lector as buscas que desexe realizar.

O primeiro dos índices é un listado de mapas que ofrece o número de mapa no volume xunto co seu título e subtítulo.

A este séguelle un índice de formas que recolle: dende caracteres latinos a caracteres fonéticos, dende segmentos ortográficos a segmentos fonéticos, dende étimos a formas romances... Cada forma recollida vai acompañada do/s número/s de mapa/s en que se rexistra.

Como colofón final, aparece un índice xeral en que se reflicte a estruturación das distintas partes que compoñen a obra, coas súas correspondentes páxinas.

### 2.4. Innovacións deste volume

A este respecto, hai que dicir que, mentres que no volume I as representacións cartográficas se fixeron en branco e negro e no volume II a cor aparece en contadas ocasións, no terceiro volume o emprego de figuras poligonais con cor ten moito peso. As cores utilizadas ademais do branco e do negro son: o azul, o fucsia e o verde. O feito de poder empregar distintas cores, xunto á utilización de figuras cheas, semibaleiras e baleiras, permitiu darlles maior coherencia interna ós mapas. Así mesmo, procurouse que os mesmos fenómenos ou fenómenos semellantes, analizados en distintos mapas, estivesen representados por medio dos mesmos símbolos e coas mesmas cores (véx. os mapas 189, 190, 191 e 192 *Realizacións de /g/ procedente de -K- no grupo latino -KW- en interior de palabra*). As cores ofrecen unha maior visualización por áreas do fenómeno estudado.

O emprego de distintas cores foi posible debido a que o proceso de cartografado se realizou, desta volta, de xeito totalmente automatizado. Partiuse dunha base de datos deseñada mediante Microsoft Access 7.0,<sup>6</sup> na que se introduciron os datos que interesaban do *Cuestionario*.

O segundo chanzo do proceso informático foi a elaboración dos mapas mediante outro programa que importa a información directamente da base de datos. Trátase de Mapinfo 4.0, que está a facilitar moito os avances en xeografía lingüística galega. Sobre un mapa base no que se insiren os 167 puntos enquisados —e que se tomou como modelo— creáronse os demais mapas poligonais que conforman este atlas. Este programa permite adscribir automaticamente (ou personalizada-mente) un símbolo para cada resposta distinta. As aplicacións de Mapinfo supuxeron un fito importante no proceso de cartografado, xa que nos atlas publicados o traballo realizado fíxose case exclusivamente a man.<sup>7</sup> Tamén a lenda foi confeccionada por medio dun programa informático de edición de textos: Adobe PageMaker 6.5.

## 3. VALORACIÓN FINAL

En primeiro lugar, a publicación deste atlas supón unha achega moi importante para os estudos lingüísticos galegos porque, polo de agora, non existe ningún estudo de fonética dialectal que presente tan detalladamente a nosa xeografía lingüística.

Por outro lado, unha das eivas máis grandes do galego actual é a carencia dun estándar oral. Neste sentido, o volume que agora presentamos proporciona material abondo para comezar a traballar neste eido.

6. A base de datos suma un total de 99 223 rexistros.

7. Cómpre salientar, sen embargo, que no segundo volume xa hai un avance fronte ó primeiro posto que foi informatizada unha parte do procedemento de elaboración de mapas.

En terceiro lugar, as preguntas correspondentes ó apartado de fonética do *ALGa* foron pensadas para recolle-los resultados de leis fonéticas dende o latín ó galego,<sup>8</sup> é dicir, que os datos obtidos proporcionan informacións dende o punto de vista da diacronía. Sen embargo, esta obra, ademais de datos que poderían ser aproveitados co gallo de realizar unha futura gramática histórica do galego, ofrece tamén unha instantánea da fonética dialectal actual, polo tanto, datos sincrónicos.

Por todo o exposto, temos que concluír facendo fincapé en que, sen dúbida, esta publicación, realizada cun gran rigor científico, encherá un dos baleiros máis significativos da nosa lingüística.

Seguramente, os romanistas que traballan na elaboración de atlas doutros dominios lingüísticos (*Atlas Lingüístico de España y Portugal*, *Atlas Linguarum Europae*, *Atlas Linguistique Roman...*) atoparán no volume de fonética un material útil.

Agora, só queda agardar a que aparezan os froitos do bo aproveitamento deste terceiro volume do *Atlas Lingüístico Galego*.

RAQUEL AIRA GONZÁLEZ  
BEGOÑA VARELA VÁZQUEZ  
Instituto da Lingua Galega, Santiago